



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE MODIFICA, (POR MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL) E SE REFUNDE O TEXTO DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA CO Nº DE REXISTRO 2005/0009\_NAA/IPPC\_009.

<b>Instalación:</b> planta de tratamento de subprodutos cárnicos non destinados a consumo humano de categoría 1	Procedemento simplificado de modificación substancial da autorización ambiental integrada
<b>Proxecto:</b> planta de tratamento de subprodutos cárnicos non destinados a consumo humano de categoría 2	<b>Expediente de modificación núm:</b> 2015-IPPC-M-38
<b>Titular:</b> Gestora de Subprodutos de Galicia, SL (Gesuga, SL)	<b>Expediente orixinal núm:</b> 2005/0009_NAA/IPPC
<b>Localización:</b> concello de Cerceda	<b>Data:</b> 26.04.2016

#### ANTECEDENTES

1 O 26.07.2005 outorgouse a autorización ambiental integrada a Gestora de Subprodutos de Galicia, SL (Gesuga, SL), para a planta de xestión de subprodutos cárnicos, que posúe no concello de Cerceda (A Coruña). Esta autorización renovouse o 10.03.2011, modificouse en materia de atmosfera o 04.02.2013 e actualizouse conforme ó disposto na Lei 5/2013, de 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

2 O 15.05.2015 recíbese por parte do titular, solicitude de tramitación dunha modificación substancial da autorización ambiental integrada, consistente na instalación dunha planta de tratamento de subprodutos cárnicos non destinados ó consumo humano de categoría 2.

3 Atendendo ao requirimento da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de mellora de documentación, o titular presenta o 14.07.2015 o proxecto básico conforme ao establecido no artigo 15.1 do Real Decreto 815/2013, do 14 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e o desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

4 De conformidade co artigo 15.5 do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o 03.09.2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia (nº 168) o anuncio polo que se somete a información pública a solicitude de modificación substancial referida. Non consta no expediente a presentación de alegacións.

5 O 11.01.2016, o titular achega proxecto técnico describindo unha modificación consistente no incremento da superficie total cuberta, no redeseño das construcións e na redistribución das instalacións e da maquinaria, dentro da modificación substancial plantexada.

6 De conformidade co disposto no artigo 15.6 do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, durante a tramitación solicitouse informe a outros órganos e Administracións públicas afectadas. A relación de consultados e de informes recibidos refírese na seguinte táboa:



Relación de consultados	Recepción
Concello de Cerceda	Si
Consellería do Medio Rural	Si
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Si
Augas de Galicia	Si
Consellería de Economía e Industria - Servizo de Administración Industrial	Si

7 O 22.04.2016 deuse trámite de audiencia ó titular da instalación, de conformidade co estipulado no artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O 25.04.2016 o titular manifestou a súa decisión de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos ou xustificacións.

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, tras examinar a documentación en relación ós antecedentes que constan no expediente, elaborou proposta de resolución da autorización ambiental integrada.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A instalación pretendida está incluída no anexo I, categoría 9.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

2 De acordo co artigo 10.5 da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e o 14.1 a) do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, calquera ampliación ou modificación das características ou do funcionamento dunha instalación considerárase substancial se esta alcanza por si soa os alcores de capacidade establecidos no seu anexo 1 ou se ten que ser sometida ó procedemento de avaliación de impacto ambiental.

3 O artigo 15 do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, establece o procedemento simplificado para a tramitación das modificacións substanciais.

4 A instalación entra dentro do ámbito de aplicación do Decreto 60/2009, de 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.

5 De acordo co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é órgano competente na Comunidade Autónoma de Galicia para a tramitación e seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos.

Con base na proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental,





RESOLVO:

1 Modificar a autorización ambiental integrada outorgada a Gestora de Subproductos de Galicia, SL (Gesuga, SL), para instalación referida, cos requirimentos que se fixan ao longo desta resolución por modificación substancial da instalación, quedando a mesma redactada como se recolle no Anexo A desta resolución.

2 Refundir o texto da autorización ambiental integrada outorgada a Gestora de Subproductos de Galicia, SL (Gesuga, SL), para a instalación de referencia, incluíndo nel as modificacións e actualización realizadas, quedando a mesma redactada como se recolle no Anexo A desta resolución. Segue correspondendo a esta instalación o número de rexistro 2005/0009\_NAA/IPPC\_009.

3 Aprobar o informe de situación do emprazamento desta instalación.

4 Determinar que, en caso de que exista contradición entre o establecido nesta resolución e o indicado na documentación presentada durante o procedemento, prevalecerá o disposto nesta resolución.

5 Establecer a obriga de que o titular presente, previo ó inicio da actividade da nova planta de tratamento de subprodutos cárnicos non destinados ó consumo humano de categoría 2, unha declaración responsable, de conformidade co artigo 71 bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando o cumprimento das condicións establecidas nesta autorización. Esta declaración acompañarase do certificado do técnico director da obra que acredite que esta foi executada conforme ó proxecto presentado.

6 Establecer a obriga de que o titular dea cumprimento ó Real Decreto 508/2007, de 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, comunicando a información requirida anualmente ó rexistro galego PRTR de emisións (REGADE Sección PRTR).

7 Establecer a obriga de que o titular comunique a esta Secretaría Xeral calquera modificación que se pretenda levar a cabo na instalación, indicando razoadamente, en atención aos criterios sinalados no artigo 10 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, se considera que se trata dunha modificación substancial ou non substancial, acompañándose dos documentos xustificativos oportunos.

8 Establecer a obriga de que o cambio de titularidade sexa comunicado a esta Secretaría Xeral, debendo presentarse a documentación acreditativa.

As condicións desta autorización revisaranse nun prazo de catro (4) anos a partir da publicación das conclusións relativas ás Melloras Técnicas Dispoñibles (MTD), en canto á principal actividade da instalación, e no seu defecto cando os avances nas melloras técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións, salvo que se produzan antes do prazo indicado modificacións substanciais que obriguen á tramitación correspondente ou que se incorra nalgún dos supostos de revisión recollidos no artigo 25 da Lei 16/2002, de 1 de xullo.

O incumprimento das condicións recollidas nesta resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no Título IV da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Secretaría Xeral de Calidade  
de Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2016

A xefa do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación

María Diéguez Gómez



O subdirector xeral de Avaliación Ambiental

Carlos Calzadilla Bouzón

Resolvo

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta